

ANGUEIRA, ANXO (2019): *Rosalía de Castro. En las orillas del Sar*. Estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira. Vigo: Xerais, 406 pp.

Anxo Angueira é un recoñecido experto na vida e obra de Rosalía, tanto como investigador (membro do Consello de Redacción de *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos* e presidente da Fundación Rosalía de Castro), como impulsor e divulgador de innumerables actividades desta Fundación e Casa Museo (“Encontros na Casa de Rosalía”, “Caldo de gloria”, “Abride as fiestras”...) que trasladan a obra da poeta a diferentes ámbitos e públicos.

A presente edición de *En las orillas del Sar* conforma o terceiro volume de estudos críticos da poesía da Rosalía de Castro publicados na editorial Xerais por Anxo Angueira: primeiro foi a edición de *Cantares gallegos* (2013) e, a continuación, a de *Follas novas* (2016). Tres volumes imprescindibles e coidados, pois ao necesario estudo súmase a atención aos paratextos. Referímonos, por exemplo, á diferente capa do libro en cada un dos poemarios de Rosalía e sempre acorde coa época vital da autora (neste terceiro volume o retrato da familia Murguía-Castro por Palmeiro datado en 1884).

O libro componse dun estudo introdutorio (pp. 7-180), dunha explicación sobre a edición que parte en liñas xerais da edición en vida de Rosalía do ano 1884 (pp. 181-185), do poemario *En las orillas del Sar* (pp. 187- 319), dun apartado de fixación, notas e comentarios de cada un dos poemas (pp. 321-388) e da bibliografía (pp. 389-399).

Estamos ante unha obra adecuada para eruditos, pero tamén para os e as estudantes que se acheguen ao poemario *En las orillas del Sar*. En efecto, a edición de Anxo Angueira non só aclara e revisa cuestións dubidosas (ademais de considerar outras como pendentes de estudo), senón que relaciona todo o corpus rosaliano con comentarios temáticos, estilísticos, métricos, intertextuais...

O estudo introdutorio céntrase en varios aspectos de interese. En primeiro lugar, a xénese e a cronoloxía de *En las orillas del Sar*,

tan vinculada a determinadas publicacións periódicas da época. Neste sentido explica Anxo Angueira o “arrimo editorial e económico” (p. 40) recibido en *La Nación Española* e no que foi clave a figura de Manuel Barros. Sobre este padronés “verdadero axente galeguista na alta sociedade bonaerense” (p. 26) consígnanse algúns datos e a el se lle dedica un apartado específico por canto permite abrir novas liñas de investigación sobre os estudos rosalianos.

En segundo lugar, Angueira revisa certos datos biográficos que resitúan as ventás poéticas *En las orillas del Sar* lonxe da Matanza (onde foran localizadas con anterioridade). Explica Angueira:

Estas *ventanas* son as de Lestrobe por dúas razóns principais. Unha de índole cronolóxica: ese poema foi publicado, como sabemos agora, en *La Nación Española* o 3 de decembro de 1882, ou antes ou por volta do tempo no que fai o traslado para a Matanza. Outra é de natureza cartográfica. A lóxica espacial do poema enténdese desde Lestrobe. (p. 46)

Dada a lingua da escrita de *En las orillas del Sar*, era de obrigado tratamento na introdución a súa consideración “entre a literatura galega e española”. Para Anxo Angueira *En las orillas del Sar* “é outra flexión máis da mesma Galicia de *Cantares gallegos* e *Follas novas* (p. 81), pois a poeta está inscrita nas mesmas coordenadas xeográficas, culturais e políticas. En páxinas posteriores desenvolve Angueira a súa visión:

(...) cremos que na actualidade, por moito que o criterio filolóxico sexa o máis axeitado para dicir o que é e o que non é literatura galega, desde o punto de vista historiográfico é fundamental ter en conta tamén os producidos en castelán no seu mesmo contexto (histórico, xeracional, social...), especialmente na xénese do campo literario, nese proceso que desde hai unhas décadas chamamos Rexurdimento, durante o cal a literatura galega foi concibida como a escrita en galego e en castelán, e que acabou por opor e enfrontar as dúas opcións. (p. 83)

A análise da arquitectura do poemario, como novo proxecto poético, é outro aspecto relevante no estudo introdutorio. Segundo o seu autor, “Rosalía fixo un traballo moi substancial tanto de corrección dos textos como de recomposición estrófica dos poemas e outras intervencións ó levalos a *En las orillas del Sar*” (p. 87) de tal maneira que a obra presenta unha novidade na fórmula poética:

Rosalía agora escribe series, conxuntos longos de poemas que reorganiza, con ou sen título, e que disemina ó longo da obra cremos que coa mesma intención que xa apuntaba en *Follas novas*. O que consideramos fundamental á hora de pensar na arquitectura de *En las orillas del Sar* é percibir precisamente esta nova fórmula poética por parte da autora, que o deseño editorial xa aclaraba suficientemente nunha lectura atenta e cuxa evidencia reforzan as publicacións periódicas e tamén corrobora o índice da edición de Manuel Murguía, pero que a sorte editorial posterior, desde logo desgraciada, practicamente enterrou. (p. 89)

A cartografía e os escenarios de Rosalía (compartidos con Murguía e Manuel Barros), ademais da terra e o tempo da obra na emerxencia do galeguismo, ocupan as seguintes páxinas da

introdución antes de centrarse na recepción da nosa poeta fundacional, unha poeta moi afastada de calquera cliché historiográfico.

Superados tópicos e prexuízos sobre a poeta, as súas obras eran e son lecturas de aprendizaxe. De feito, *En las orillas del Sar* móstranos, tal e como revela Anxo Angueira: a inscrición nunha xeografía cultural, literaria e política moi concreta; a aparición da toponimia da terra de Iria, como apropiación da Terra e da Nación (na liña de Sarmiento, Pondal, Novoneyra...); a intervención da autora na literatura, na época e no tempo coetáneos a través da concepción das árbores matrias, do progreso e da relixión e, finalmente, a presenza do suxeito feminino como ser encadeado.

Só nos resta animar á lectura e relectura de *En las orillas del Sar*, pois poemas como “Volved” non deixan indiferente e, a pesar do paso do tempo, sentimos o estremecemento dos desherdados e desherdadas da terra que partiron, parten e partirán na procura dunha vida mellor.

Ana Acuña Trabazo
Universidade de Vigo
ganime@uvigo.es